



# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A COMUNIDADE DE AUGAS DE BOEDES PARA ESTABLECER AS CONDICIÓN E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE AUG A DA TRAÍDA DO LUGAR DE BOEDES.

## REUNIDOS

Dunha parte **don Francisco José Fumega Piñeiro**, alcalde-presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación deste.

E doutra, **don Jacinto González Novelle** con DNI 34912231W, en representación da entidade con CIF: G32409526 que actúa en nome e representación desta.

## MANIFESTAN

- I. Que a asociación ten como obxectivo **xestionar a auga que abastece o pobo de Boedes dende a súa captación, entrada no depósito ata a chegada ás vivendas da veciñanza.**
- II. Que o concello considera que o labor que realiza a comisión constitúe unha acción de interese para a veciñanza do citado lugar e que cumpre unha importante función social para esta.
- III. Que é de interese público, xa que afecta a toda a veciñanza que vive ou ten casa no lugar, con auga conectada á rede de abastecemento de Boedes
- IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de accións de interese para a veciñanza.
- V. As axudas económicas e as subvencións forman parte das accións das que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar proxectos de interese público, que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal. É, en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexa a propia cidadanía da comunidade local, de xeito individual ou asociado, a que libremente colabore co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo as accións de que se trate.
- VI. Que, con data do 10 de decembro de 2018, se aprobou definitivamente a modificación de crédito (MC/CESC/5/2018) onde se contempla unha partida orzamentaria para a subvención directa á *Comunidade de augas de Boedes*:

FRANCISCO JOSE FUMEGA PIÑEIRO (1 para 1)  
Alcalde - Presidente  
Data de Sinatura: 27/12/2018  
HASH: 5fedc9d16cd0d3345799b0018a15678c5c



Cod. Validación: 5ZHW6ZAGSNNKLHML4FEHDG9NY | Corrección: http://carballino.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
1610078001	Comunidade de augas de Boedes	42 500 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións; e no artigo 28, establécese que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido deste.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### 1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, os gastos derivados da **construción dun depósito de auga para abastecemento do pobo de Boedes**

### 2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a 42 500 euros, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é a MC/CESC/5/2018 onde se contempla unha partida orzamentaria (1610078001), polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

A dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase ao exercicio económico de 2018.

### 3. DURACIÓN

Este acordo contempla a execución da citada obra con data límite do 31 de decembro.

### 4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.

As subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou

*recinto*



Cod. Validación: 52HW6ZAGSNNKLM14FEHDG9NY | Corrección: http://carballino.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp-ublico | Páxina 2 a 5



axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

En ningún caso será compatible con outras subvencións de concorrencia competitiva procedente do Concello do Carballiño.

## 5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a obra ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións. O Concello realizará visita de comprobación para verificar a execución da obra.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da obra e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicarlle ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a obra subvencionada.  
Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- E. Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.  
O concello comprobará de oficio que a Comunidade non ten débedas pendentes coa facenda local.
- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente co Concello do Carballiño.
- I. De realizarse difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá quedar constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar a obra que fundamenta o presente convenio.

*RECIBIDO*





## 6. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) instancia subscrita polo presidente da *Comunidade de augas de Boedes* na que solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
  - b.1 estatutos da entidade que solicita a subvención
  - b.2 memoria detallada que inclúa declaración da actividade realizada, financiada coa subvención e o seu custo.
  - b.3 proxecto e licenza de obra.
  - b.4 de ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
  - b.5 relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe e data de emisión.
  - b.6 presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCS, cartas de pago, etc.).
  - b.7 certificado de fin de obra
  - b.8 o pagamento a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido pola entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico en cuxo gasto no documento deberán constar o selo de pagado, selo do proveedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento e a data de pago. No caso de que a entidade beneficiaria non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos necesarios antes do vencemento do prazo de xustificación, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa, sempre que se presente a declaración xurada a tal efecto. Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario.
  - b.9 declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
  - b.10 relación desagregada de todos os ingresos que financian a obra (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades





subvencionadas.

b.11 certificación de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O concello comprobará de oficio que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.

b.12 Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

- c) Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida.
- d) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o **día 31 de decembro 2018**.

## 7. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen dúbida ningunha respondan á natureza do proxecto subvencionado e se realicen no prazo establecido no presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O concello levará a cabo visita de comprobación pra verificar a realización das obras.

## 8. FORMA DE PAGO.

O pagamento do importe da subvención, correspondente o 100% do importe total da subvención concedida, realizarase trala xustificación, pola entidade beneficiaria, da conta xustificativa nos termos expostos na cláusula 6 deste convenio.

Dito convenio deberá estar publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

## 9. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2018.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O alcalde,  
José Francisco Fumega Piñeiro

O presidente da comisión  
Jacinto González Novelle



Cod. Validación: 5ZHW6ZAGSNNKLM4FEHDS9NY | Corrección: <http://carballino.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esP.úblico | Páxina 5 a 5